

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE SETEMBRO DE 2023

### **1. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00040032Q.**

Aprobación de actas das sesións anteriores. |

Apróbanse as actas das sesión do 18 e 20 de setembro

### **2. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00044640M.**

Licenza para a reforma e ampliación de edificación auxiliar para alpendre de uso agrícola sito en LG Sanxuas – Aríns. |

Outórgase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais de data de visado do 25/08/2022, cun orzamento de execución material de 16.500,00 €, a reforma e ampliación de edificación auxiliar para alpendre de uso agrícola sito no Lugar Sanxoas Aríns.

### **3. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00037287P.**

Licenza para a estabilización de muro de hormigón armado na Via Pasteur no polígono do Tambre. |

Outórgase licenza para a estabilización de muro de formigón armado na Via Pasteur no polígono do Tambre.

### **4. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00045684Z.**

Licenza para a construción de edificación destinada a vivenda e local comercial na rúa da Estrada, 39. |

Outórgase licenza para construción de edificación destinada a vivenda e local comercial na RUA DA ESTRADA, 39

### **5. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00026152M.**

Denegación de legalización da vivenda unifamiliar sita no Lg. Lamas de Carballal, 15. |

Denégase a legalización da vivenda unifamiliar sita no Lg Lamas de Carballal 15.

### **6. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN.** Referencia: **2023/00020129P.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación Coordinadora Galega de Organizacións non gubernamentais para o Desenvolvemento, ano 2023. |

Outórgase unha subvención nominativa de 15.000 euros.

### **7. DEPORTES.** Referencia: **2023/00014494P.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2023. |


Outórgase unha subvención nominativa de 12.000 euros.

### **8. DEPORTES.** Referencia: **2023/00014502Q.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Santiago para o ano 2023. |

Outórgase unha subvención nominativa de 10.000 euros.

### **9. OBRAS E PROXECTOS.** Referencia: **2023/00038810J.**



CONCELLO DE  
SANTIAGO

[Aprobación do proxecto de execución da obra de "Mellora da accesibilidade no cruce Xeneral Pardiñas - República do Salvador".]

Apróbase o proxecto de execución da obra de "Mellora da Accesibilidade no cruce Xeneral Pardiñas - República do Salvador" en Santiago de Compostela redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. José P. Gosende Tuñas coas seguintes condicións:

#### ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 45.996,33 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 54.735,63 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **66.230,11 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

#### PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 4 semanas.

Obxecto do proxecto: a execución dunha plataforma central, en formigón, no cruce das dúas rúas. A plataforma terá a mesma cota que as beirarrúas, dando preferencia aos peóns. Tamén se executarán ramplas de acceso á calzada e mellorarase a accesibilidade.

#### 10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: **2023/00038802M.**

[Aprobación do proxecto de construción do aparcadoiro na rúa Santa Comba.]

Apróbase o proxecto de aparcadoiro na rúa de Santa Comba de Santiago de Compostela redactado polo enxeñeiro de camiños C. e P. D. Pablo Blanco Ferreiro

#### ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 54.987,05 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 65.434,59 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **79.175,85 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

#### PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 3 meses.

Obxecto do proxecto: a execución dunha zona de aparcadoiro de 227,50 m<sup>2</sup> (18 prazas) e a remodelación da beirarrúa nunha superficie de 150 m<sup>2</sup>.

#### 11. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00019501R.**


[Aprobación da modificación do supervisor do contrato de prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova instalación da sinalización horizontal, sinalización vertical e elementos de balizamento de tráfico nas vías públicas do termo municipal de Santiago de Compostela.]

Desígnase como supervisor do contrato ao técnico municipal de Mobilidade Constantino Campaña Potel, en substitución da xefa do Servizo de Mobilidade.

#### 12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00016807K.**

[Desestimación da solicitude de INTERPARKING HISPANIA, SA, de autorización da cesión do contrato de concesión da xestión e explotación do aparcamento da Choupana.

Desestímase a solicitude de INTERPARKING HISPANIA, SA, de autorización da cesión do contrato de concesión da xestión e explotación do aparcamento da Choupana suscrito con INTERPARKING HISPANIA, SA - VIAS Y CONTRUCCIONES, SA "UNIÓN TERPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982", abreviadamente "CHOUPANA UTE" a NEWCO, sociedade de responsabilidade limitada de futura creación que, polo tanto, non pode cumprir co requisito esixido no artigo 114.2 c) do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Pública.



**13. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00019033Q.**

Adxudicación do contrato das obras de "Rehabilitación de colector de saneamento da Avenida de Vilagarcía".

Acórdase:

Primeiro: Excluir a AQUATEC PROYECTOS PARA EL SECTOR DEL AGUA SAU do procedemento de adxudicación por presentar unha oferta en baixa temeraria e non xustificar a viabilidade da súa execución.

Segundo: Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a SERVICIOS TÉCNICOS DE LIMPIEZAS INDUSTRIALES MIGUEL ARIAS SL, o contrato que ten por obxecto as obras de "Rehabilitación de colector de saneamento da Avenida de Vilagarcía", que presenta unha proposición económica de 57.281,40 € (base imponible 47.340,00 € máis IVE do 21% 9.941,40 €).

Ademais, SERVICIOS TÉCNICOS DE LIMPIEZAS INDUSTRIALES MIGUEL ARIAS SL ofertou unha ampliación do prazo de garantía, por riba do mínimo exixido, de 5 anos.

Obxecto do contrato: illamento dos pozos de rexistro e rehabilitación do colector para evitar filtracións da rede de saneamento.

Prazo de execución da obra: 1 mes.

**14. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00030515K.**

Aprobación do expediente de contratación da Subministración de uniformidade para a Policía Local.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación da Subministración de uniformidade para a Policía Local, cun orzamento base de licitación de 200.000,00 €, (base imponible de 165.289,26 € máis IVE do 21% polo importe de 34.710,74 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 200.000,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 13200 2210400, coa seguinte desagregación

por anualidades:

2023: 100.000,00 €

2024: 100.000,00 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90

**15. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00032880V.**

Aprobación do expediente "Contrato derivado do acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais,"

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación denominado "Contrato derivado do acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais, Lote 1: Servizos Básicos, Goberno e Xestión da seguridade da información" para a operación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) para o concello de Santiago de Compostela cun orzamento base de licitación de 263.835,66 € (base imponible de 218.046,00 euros e IVE do 21% por importe de 45.789,66 euros).

Segundo. Abrir ao abeiro do disposto nos artigos 219 a 222 da LCSP o procedemento de adxudicación do dito contrato baseado no acordo marco formalizado pola AMTEGA o 20 de agosto de 2021 con TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA. A tramitación, adxudicación, formalización e

execución do contrato baseado rexerese polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o Acordo Marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

Terceiro. Ordear o envío da invitación á única empresa adxudicataria do lote 1, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA. e solicitarlle os seguintes servizos: Xestor de seguridade da información 3 (1 ano)(2 UDS), Monitorización continua superficie exposición (vulnerabilidades): paquete de 30 direccións IP (Inclue Mellora 20 IP) (2 UDS), Monitorización continua superficie exposición (probas penetración): paquete de 30 FQDNs (Inclue Mellora de 10 FQDNs) (2 UDS), Servizo de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM): mantemento de licencias de 5.000 EPS adicionais (se aplica) durante un ano (2 UDS), Resposta a incidentes especializada 24x7: paquete de 100 horas (2 UDS), Consultoría alta especialización en seguridade: paquete de 50 horas (7 UDS).

Cuarto. Autorizar un gasto total por importe de 263.835,66 € que se imputará á aplicación 030 92001 2279904, coa seguinte desagregación anual:

2023: 12.769,24 €

2024: 122.626,22 €

2025: 123.937,05 €

2026: 4.503,15 €

TOTAL 263.835,66 €

Quinto. Nomear responsable do contrato ao Director da Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local e o Xefe de Servizo de Informática

- Obxecto do contrato: servizos de xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do concello para garantir a seguridade no uso e intercambio de información electrónica.

- Duración do contrato: 29 meses.

#### 16. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00036038R.**

[Aprobación do expediente de contratación das obras definidas no proxecto de construción: "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida - rúa Follas Novas". ]

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das Obras definidas no proxecto de construción: "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida- rúa ollas Novas", cun orzamento base de licitación de **92.730,52 €** (base impoñible de 76.636,79 € máis IVE do 21% polo importe de 16.093,73 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159.6 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 92.730,52 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 2023 060 15321 619003 (Código de proxecto: PROXECTO 2022 4 RLTOU 47 3)

- Obxecto do contrato: reposición do firme, mellora da seguridade viaria e da accesibilidade (pasos de peóns elevados e eliminación de barreiras) e disposición de sumidoiros e colectores.

- Duración do contrato: 2 meses.

**17. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00036785N.**

Prórroga do contrato denominado "Servizo de reurbanización da rúa do Pombal".

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das Obras de reurbanización da rúa do Pombal cun orzamento base de licitación de 762.991,01 € (base impositiva de 630.571,08 € máis IVE do 21% polo importe de 132.419,93 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, ao abeiro do artigo 159 da LCSP.

Terceiro. Autorizar un gasto total por importe de 762.991,01 € que se imputa á plicación orzamentaria 060 15321 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 REURB 121).

- Obxecto do contrato: reurbanización do treito comprendido entre o cruce coa rúa Campiño da Ferradura e a intersección coa travesía do Cruceiro do Galo.

- Duración do contrato: 8 meses.

**18. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00025855F.**

Prórroga do contrato denominado "Servizo de vixianza nas instalacións municipais: Lote II (vixianza do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lazaro II), e Lote III (control e mantemento dos sistemas de seguridade complementarios e de verificación persoal de alarmas do estadio de San Lázaro)".

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 07/12/2020, relativo a reanualización económica do lote II e lote III do contrato de prestación do "Servizo de vixancia de instalacións municipais" (CON/33/2020), de xeito que Onde di: Anualidade 2020: Lote III: 982,22 €, debe dicir: Anualidade 2020: Lote III: 988,22 €.

Segundo.- Prorrogar o contrato denominado "Servizo de vixianza nas instalacións municipais: Lote II (vixianza do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lazaro II) e Lote III (control e mantemento dos sistemas de seguridade complementarios e de verificación persoal de alarmas do estadio de San Lázaro)" adxudicado a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L, polo prazo de UN ANO, a contar dende o 5 de outubro de 2023 ata o 4 de outubro de 2024.

Terceiro.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 090 34200 2270101 co desglose por anualidades, para o 2023 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2024 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

Anualidade 2023 (05/10/2023 ata 31/12/2023): Lote II: 22.163,30 €. Lote III: 988,22 €.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 04/10/2024): Lote II: 70.474,30 €. Lote III: 3.142,33 €

**19. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00025850W.**

Prórroga do contrato denominado "Servizo de vixilancia de instalacións municipais: Lote I: Vixilancia nas dependencias da UMAD".

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, do 22/03/2021, relativo a reanualización económica do contrato de Prestación do servizo de vixianza nas instalacións municipais: Lote I (Vixianza das dependencias da UMAD) CON25/2020, de xeito que Onde di:

“Anualidade 2023: Lote I: 36.985,87 euros”, debe dicir:

“Anualidade 2023: Lote I: 36.958,87 euros”.

Segundo: Prorrogar o contrato denominado “Servizo de vixilancia de instalación municipais: Lote I: Vixilancia nas dependencias da UMAD”, adxudicado a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L, polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de outubro de 2023 ata o 30 de setembro de 2024.

Terceiro.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 020 23101 2270100 co desglose por anualidades para o 2023 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2024 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

Anualidade 2023 (01/10/2023 ata 31/12/2023): 12.319,59 €.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 30/09/2024): 36.958,87 €

## 20. LINGUA GALEGA. Referencia: 2023/00021073D.

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Correlingua, para levar a cabo o programa Correlingua en Compostela de promoción do uso do galego como nexo de actividades culturais e de socialización que vinculan o ensino coa contorna social no ano 2023.]

Tómase coñecemento do convenio asinado o 31.07.2023, cunha subvención de 2.500 euros.

## 21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00039478Z.

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 134/2023 CA2. ]

- Sentenza favorable ao Concello, pois inadmite, por non terse esgotado no seu momento a vía administrativa, a solicitude de devolución da cantidade de 1.506,47 € ingresada en concepto de xuros por demora no pago do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (“plusvalía”).

- Cabe recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza. En caso de recurso de apelación, formalizar oposición ao mesmo.
3. Remitir ao Servizo de xestión tributaria para o seu coñecemento

## 22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00039165T.

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 34/2022 CA2. ]

- Sentenza favorable ao concello, pois desestima a demanda presentada por SERTEGO contra o decreto da Concellería de Mobilidade do 13.04.2022 polo que se rexeitou a modificación da intersección entre o “Camiño de Garandón” e a estrada DP-7804, solicitada para facilitar o tránsito de camións de gran tonelaxe.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para a súa constancia

## 23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00038921D.

[Tomar coñecemento da sentenza ditada AP 0051/2022 TSX, PA 262/2019 CA2. ]

- Sentenza favorable ao Concello, pois desestima a demanda presentada por unha empregada pública que solicitaba o pago das diferencias retributivas entre o seu posto e o que considera que lle corresponden.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento

**24. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00039179Z.**

[Tomar coñecemento do auto recaído no procedemento PO 27/2023 CA 1. ]

- Auto favorable ao Concello, pois declara a caducidade do recurso presentado contra o decreto polo que se ordenaba o cese dun uso ilegal de vivenda turística.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Disciplina e Licenzas para a súa constancia

**25. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00039443W.**

[Tomar coñecemento do auto de apelación 181/2023 (DPA 2019/2021 Instrucc. 1) ditado pola Audiencia Provincial. ]

- Auto favorable ao Concello, que actuaba como responsable civil subsidiario, pois desestima os recursos de apelación presentados pola Comunidade de propietarios da Urbanización de Brandía e pola Asociación Provincial de Estacións de Servizo da Coruña, confirmando o arquivo das dilixencias penais abertas por suposta prevaricación administrativa contra dous empregados públicos municipais.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo para o seu coñecemento

**26. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00039415C.**

[Tomar coñecemento do Auto ditado no procedemento DF 150/2023 CA1. ]

- Auto favorable ao Concello, pois declara a inadmisibilidade, por presentación fóra de prazo, do recurso presentado contra as bases que rexerán nos procesos selectivos extraordinarios de estabilización de persoal.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento

**27. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00040032Q.**

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. ]

Tómase coñecemento

**URXENCIAS:**

**28. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: 2023/00040187X.

[Licenza de obras de reforma do edificio do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), sito na rúa Xose Chao Rego, parque de Salgueiriños. ]

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Consellería de Política Social licenza de OBRAS DE REFORMA do edificio do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), situado na Rúa Xosé Chao Rego, Parque de Salgueiriños, no Concello de Santiago de Compostela, con referencia catastral 83987D8NH3489G0001YO, segundo Proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos José Jorge Santos Ogando e José Carlos Mera Rodríguez, con data de rexistro de 21/06/2023, cun orzamento de execución material de 773.080,52 €, baixo a dirección de obra dos proxectistas e dirección de execución do arquitecto técnico Benito Sobral Casalderrey .

As actuacións consistirán en obras de redistribución, mellora e reparación de cubertas do edificio do CEGADI, sen alterar o volume edificado.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza de zonas de equipamento comunitario público do Plan Parcial do SUNP-2 de Salgueiros.

**29. ÁREA IX.- MEDIO RURAL.** Referencia: 2023/00019123Z.

Aprobación da participación do Concello na 2ª fase do Plan provincial POS+ Adicional 2/2023 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada.

Acórdase:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Lاراño)	124.999,99 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	124.999,99 €
Ampliación da rede de saneamento na Rúa do Coto dos Olmos (parroquia de Bando)	116.370,62 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	116.370,62 €
Ampliación da rede de abastecemento na estrada AC-250 no lugar de Frades (parroquia de Enfesta)	24.828,79 €	60.631,48 €	0,00 €	60.631,48 €	85.460,27 €
<b>TOTAL</b>	<b>266.199,40 €</b>	<b>60.631,48 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>60.631,48 €</b>	<b>326.830,88 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do Concello no Plan.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras



Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**30. CONTRATACIÓN.** Referencia: 2023/00005599S.

Corrección erro material no acordo de aprobación e de adxudicación do “Servizo de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das Festas do Apóstolo 2023”.

Acórdase:

Primeiro: Rectificar o acordo de aprobación do expediente e autorización do gasto da Xunta de Goberno local do día 20/03/2023 que queda redactado no seu apartado terceiro como segue:

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 259.994,52 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900 (código de proxecto: 2023 3 FOGOS 23 1)]

Segundo: Rectificar o acordo de adxudicación e compromiso do gasto da Xunta de Goberno do 20/06 /2023 que queda redactado no seu apartado terceiro como segue:

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 229.900,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900 (código de proxecto: 2023 3 FOGOS 23 1)

Terceiro: Validar todas as actuacións realizadas na tramitación deste expediente e entender que todas as referencias á partida do gasto nos documentos que forman parte do expediente de contratación deben entenderse efectuadas á partida orzamentaria 070 33800 2269900 2023 3 FOGOS 23 1.


**31. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: 2023/00027303Y.

Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMA SEMUS COMPOSTELA).

Apróbese o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMA SEMUS COMPOSTELA) pola contía de 100.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800014, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII ),- Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 27/07/2023 aprobando o expediente de modificación do orzamento municipal do exercicio 2023, para aprobar unha subvención nominativa a favor da entidade "Cruz Roja Española", de importe 100.000,00 €, con base na aplicación dunha parte da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña no marco do programa POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

**32. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: 2023/00030799Y.

Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800010, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022-(Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

### **33. CONVIVENCIA. Proposta de felicitación**

Acórdase outorgar felicitación, segundo o regulamento do Corpo da Policía Local, aos dous policías que levaron a cabo unha acción meritoria na tarde do 31 de agosto de 2023 ao colaborar en manter con vida a un neno de menos de dous que sufrira un atragoamento cun anaco de comida.